



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello

Día: 17 de novembro de 2016

Hora de comezo: 14.15 h

Hora de remate: 14.40 h

ASISTENTES:

Don Ovidio Rodeiro Tato

Don Manuel Fernández Munín

Don Jesús Sanjuás Mera

Dona M^a Carmen Botana Cebeiro

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Ovidio Rodeiro Tato, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria – interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Alleamento parcela de 74 m2 sita no lugar de Casaldesuso (Codeso)**
- 3. Baixa tarxeta de estacionamento para minusválidos**
- 4. Licenzas urbanísticas**
- 5. Modificacións en recibos de auga por reclamacións**
- 6. Xustificación da subvención contratación socorrista 2016**
- 7. Inicio de execución subsidiaria de limpeza no lugar de Agra Vilanova-Boqueixón**
- 8. Reclamación de contía por danos ocasionados en farol ornamental, na Travesía de O Forte. Inicio execución subsidiaria**
- 9. Aprobación de facturas**
- 10. Aprobación e pagamento da factura polo traballo de elaboración do inventario de camiños municipais**
- 11. Aprobación melloras do contrato de alumeado público**
- 12. Prórroga do contrato de mantemento do alumeado público**

- 13. Aprobación de certificación das obras do POS 2016 e dos correspondentes controis de calidade**
- 14. Devolución aval**
- 15. Dar conta do contrato de mantemento do ascensor**
- 16. Puntos de urxencia**
- 17. Rogos e preguntas**

DELIBERACIÓNS

1. Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 3 de novembro do 2016.

2. Alleamento parcela de 74 m² sita no lugar de Casaldesuso (Codeso)

ANTECEDENTES

1. O pleno da corporación que tivo lugar o 14 de setembro do 2016, acordou desafectar do dominio público o camiño de 74 m² de superficie sito no lugar de Casaldesuso (Codeso) e proceder coa venda directa da parcela sobrante aos propietarios colindantes.
2. Este acordo estivo exposto ao público durante un mes e en dito prazo non se presentaron reclamacións.
3. O importe total da valoración da citada parcela, segundo o informe do técnico municipal ascende a 740,00 euros.
4. Os propietarios colindantes solicitantes da desafectación e venda son don Severino xxxxx e don Manuel xxxxx .

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- A) O artigo 7.1) do regulamento de bens establece que se consideran bens patrimoniais as parcelas sobrantes e os efectos non utilizables e no apartado 2) establece que son parcelas sobrantes aquelas porcións de terreo que pola súa reducida extensión, forma irregular ou emprazamento, non sexan susceptibles de uso adecuado.
- B) O artigo 115.1) do mesmo regulamento establece que as parcelas sobrantes serán alleadas por venda directa ao propietario ou propietarios colindantes.
- C) A disposición adicional segunda no seu apartado 1º, do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, establece que corresponde ó alcalde a adquisición de bens inmoables, así como o alleamento do patrimonio cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe dos 3 millóns de euros.

Débase ter en conta , ademais, que o alcalde delegou as súas competencias na Xunta de Goberno e por outro lado que, tal como consta no antecedente número 4 a valoración é de 740,00 €, o cal supón que non supera o 10 % dos recursos ordinarios.

A vista do cal, a Xunta de Goberno acorda:

1. Allear a don Severino xxxxx 24 m² da parcela sita en Casaldesuso (Codeso), no tramo lindante coa parcela 85 b, propiedade de don Severino xxxxx .
2. Allear a don Manuel xxxxx 50 m² da parcela sita en Casaldesuso (Codeso) no tramo lindante coas parcelas 88 e 89 propiedade de don Manuel xxxxx .
3. Clasificación urbanística: solo de núcleo rural tradicional
4. Valoración económica: 74 m² x 10 €/m² = 740,00 €
5. Todos os gastos relativos a esta venta, escritura, rexistro e impostos se os houberse, serán a cargo de don Manuel xxxxx .
6. Comunicar este acordo ós compradores, para os efectos que procedan.

3. Baixa tarxeta de estacionamento para minusválidos

Acórdase dar de baixa tarxeta de estacionamento para minusválidos

4. Licenzas urbanísticas

Expte: 15/1603 – Modificado de proxecto reformado de explotación de 115 cabezas de gando vacún leiteiro en Outeiro - Lamas

Antecedentes:

Con data do 7 de novembro de 2013, na Xunta de Goberno Local do Concello de Boqueixón, concedeuse a S.A.T. CANDESA, con CIF núm. xxxxx, a licenza municipal de obras e actividade, para a “*construción e instalación dunha explotación agropecuaria de gando vacún leiteiro*”, emprazada no lugar de Outeiro, na parroquia de Lamas, en base aos seguintes expedientes: Inicial.: 12/1397 - reformado do inicial: 13/1383.

Con data do 9 de decembro de 2014, con rexistro de entrada núm. 14/2251, polo promotor das obras achégase o Certificado Final de Obras, subscrito polo enxeñeiro técnico agrícola, D. Juan Manuel Hermida Vázquez, en base ao cal se solicita o inicio da actividade.

Con data do 17 de febreiro de 2015, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítase un informe técnico, no que básicamente se di: “*realizada visita de comprobación con data do 13 de febreiro de 2015, compróbase que as actuacións executadas non se corresponden coa licenza outorgada. As variacións observadas supoñen unha modificación da licenza outorgada, polo que deberase achegar proxecto básico e de execución MODIFICADO, no que quede reflectida a realidade construída, e se xustifique o cumprimento da normativa vixente. Así mesmo, deberase xustificar o cumprimento das condicións establecidas no ditame de incidencia ambiental.*”

Con data do 12 de agosto de 2015, con rexistro de entrada núm. 15/1603, achégase o proxecto reformado da explotación de 115 cabezas de gando vacún leiteiro en Outeiro, na parroquia de Lamas, a nome de S.A.T. CANDESA; e solicítase a modificación da licenza municipal.

Con data do 16 de setembro de 2015, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítese un novo informe técnico, e que literalmente di:

*“no certificado final de obra achegado en decembro de 2014, indícase que na execución das obras dáse cumprimento ás condicións imposta pola CMATII no ditame de incidencia ambiental correspondente. Non obstante, na páxina 7 da última documentación presentada dise que non se cumpre unha das condicións indicadas no devandito informe, consistente na división da foxa en dúas sub-foxas. Segundo consulta realizada. Dita modificación require a autorización por escrito do Servizo que emite os ditames, onde non consta presentada ningunha solicitude. En consecuencia, deberase presentar dita autorización para a **modificación do ditame de incidencia ambiental**.*

Lémbrese que os cerramentos deben quedar pintados en cores acordes co medio rural, non admitindo o formigón como acabado visto.”

Con data do 14 de xuño de 2016, con rexistro de entrada núm. 16/1195, por D. Manuel xxxxx, con DNI núm. xxxxx, como representante de CANDESA S.A.T., preséntase unha solicitude no concello, para que este, tramite un novo ditame ambiental en base ao expediente CO/217/2013.

O Concello de Boqueixón, mediante oficio de data do 14 de xullo de 2016, con rexistro de saída núm. 16/649, en base á petición presentada por D. Manuel xxxxx, solicita ante o Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental, da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, UN NOVO DITAME AMBIENTAL, en base ao proxecto reformado presentado con data do 12 de agosto de 2015.

Polo Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental, da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, con data do 6 de outubro de 2016, RESOLVE formular o **Novo Ditame de Incidencia Ambiental favorable**, en base á documentación achegada, a nome de SAT CANDESA.

Con data do 27 de outubro de 2016, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítese o **informe técnico favorable**, e que literalmente di:

“Con data do 11 de outubro de 2016 (RE nº 16/2221), recíbese a notificación de ditame de incidencia ambiental favorable, emitido polo Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. As condicións establecidas no ditame son de obrigado cumprimento.

No que corresponde á normativa urbanística municipal, considérase favorable a solicitude para a realización dos traballos expostos na documentación presentada. Lémbrese que os cerramentos, incluídos os da foxa de purín, quedarán debidamente pintados.

Segundo a cartografía do PXOM, non existen outras afeccións que impliquen autorizacións administrativas previa á concesión da licenza municipal de obras, sen prexuízo doutros datos descoñecidos pola técnica que asina, e que non consten reflectidos na citada cartografía.”

Con data do 14/11/2016, emítase o informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Modificar, a licenza municipal de obras e actividade, para a “*construcción e instalación dunha explotación agropecuaria de gando vacún leiteiro*”, emprazada no lugar de Outeiro, na parroquia de Lamas, concedida na Xunta de Goberno Local do Concello de Boqueixón, con data do 7 de novembro de 2013, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e coas seguintes novas condicións:

a).- Condicións particulares da licenza modificada:

01. Expte. inicial: 12/1397
02. Expte. reformado do inicial: 13/1383
03. Expte. final de obras: 14/2251
04. Expte. modificado de proxecto reformado: 15/1603
05. Promotor dos expedientes e licenzas: S.A.T. CANDESA
06. C.I.F. do promotor: xxxxx
07. Clasificación urbanística: SOLO NON URBANIZABLE DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA
08. Tipo de Obras e Actividade: CONSTRUCCIÓN E INSTALACIÓN DUNHA EXPLOTACIÓN AGROPECUARIA DE GANDO VACÚN LEITEIRO (115 CABEZAS)
09. Situación e emprazamento: OUTEIRO - LAMAS
10. Técnico autor dos proxectos: JUAN M . HERMIDA VÁZQUEZ. Enxeñeiro Técnico Agrícola
11. Orzamento de execución material das obras iniciais: 379.817,48 €
12. Liquidación do I.C.I.O. inicial: 9.495,44 €
13. Taxa pola licenza de actividade: 498,10 €
14. Liquidación total I.C.I.O. e TAXA iniciais: 9993,54 € **(abonada con data do 23/12/2013)**
15. Orzamento de execución material das obras de ampliación executadas: 8.287,21 €
16. Liquidación do I.C.I.O. (1,9% do orzamento de execución material): 157,46 €
17. Prazos de execución das obras e actividade:
 - Para comezar as obras: SEIS (6) MESES
 - Para terminar as obras: TRES (3) ANOS
 - Para comezar a actividade: SEIS (6) MESES (desde o certificado final de obra modificado)

b).- Condicións especiais da modificación desta licenza de obras:

1. Os cerramento deben quedar pintados en cores claros (incluídos os da foxa de purín), acordes co medio rural, non admitindo o formigón como acabado visto.
2. Deberán tramitar perante o catastro, a agrupación das fincas nas que se emprazan as obras.

c).- Condicións especiais da licenza de Actividade (medidas correctoras):

Unha vez rematadas as obras e antes da posta en funcionamento da actividade:

1. Deberá presentar neste Concello a “*certificación do técnico director das obras ou instalacións, na que se especifique a conformidade delas cos termos desta licenza municipal modificada. (certificado final de obras modificado)*”.
2. **Deberanse cumprir tódalas condicións impostas** pola Consellería de Medio Ambiente, e Ordenación do Territorio, no **Novo Ditame de Incidencia Ambiental favorable**, emitido con data do 06/10/2016, e que se detallan a continuación:
 - a. *Antes da concesión da licenza definitiva deberá acreditarse a estanquidade e impermeabilidade da nova fosa de xurro, mediante certificación do técnico responsable da dirección das obras.*
 - b. *A utilización do xurro como fertilizante agrícola respectará as distancias mínimas e as cantidades máximas permitidas por Ha. segundo R.D. 261/1996, do 16 de febreiro de protección contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias, e o Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas.*
 - c. *Evitarase o manexo de esterco en días de fortes ventos, festividadeas ou en fin de semana, así como aplicación destes en terreos próximos a núcleos de poboación. No seu esparexemento respectaranse as distancias mínimas indicadas no Código Galego de Boas Prácticas Agrarias. Sempre que sexa tecnicamente posible procederase ao enterrado inmediato do xurro.*
 - d. *Para o esparexemento do xurro empregaranse preferentemente sistemas de inxección no terreo. De empregarse prato difusor, o xurro deberá incorporarse ó terreo dentro das 24 horas posteriores o seu esparexemento.*
 - e. *Todas as superficies da instalación onde se acumulen substancias contaminantes contarán con soleiras perfectamente impermeabilizadas, estas deberán revisarse periodicamente para previr a existencia de fendas que permitan a infiltración de verteduras ó solo. O gando que se atope directamente sobre o terreo natural deberá rotarse para evitar o exceso de carga, e as parcelas contarán con capa vexetal protectora.*
 - f. *Non se aplicará xurro en zonas con pendentes maiores do 20%, nin sobre litosolos (solo pedregoso que se atopa sobre rocha nai dura e pouco evolucionada).*
 - g. *Os xurros/estercoas deberán incorporarse ao terreo ao mesmo tempo que se aplican, para elo empregaranse preferentemente sistemas de aplicación/inxección directa no terreo.*
 - h. *A aplicación de xurro/esterco sobre superficies forestais comunicaranse á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental dentro do mes de aplicación.*
 - i. *Para a aplicación de xurros/estercoas nos montes veciñais en man común (MVMC), requirirase o consentimento da xunta directiva.*
 - j. *As augas pluviais que caian sobre as cubertas deberán recollerse e eliminarse con control, evitando a formación de lameiros e escorrentas na parcela. As augas pluviais non se poderán mesturar cos restos de dexestión e materia orgánica da actividade (efluentes de silos, restos de alimentos, restos de leite...), e descorrer pola parcela sen control, xa que pasarían a ser augas residuais que deberían recollerse e tratarse.*

- k. *Todas as fosas de xurro existentes deberán dispor sistemas que impidan a mestura coa auga de chuva. As novas fosas/balsas deberán ser exteriores, formigonadas e/ou impermeabilizadas, con cubertas. A suma das fosas de xurro deberán dispor dunha capacidade mínima para almacenar 6 meses de produción,*
- l. *Os silos terán un sistema que impida a entrada de auga de choiva.*
- m. *Para a captación de auga do pozo: No caso de que as augas se utilicen no mesmo predio nas que foron captadas, se a captación supera os 7.000 m³ anuais deberá solicitar **concesión** para a captación de auga; e se non supera a dita cantidade, deberá solicitar o **recoñecemento do dereito** e a correspondente **inscrición** no rexistro de augas. No caso de captarse nun predio e utilizarse noutro, deberá en todo caso solicitar concesión para a dita captación. E todo elo perante o Organismo Autónomo Augas de Galicia, segundo o establecido no texto refundido da Lei de Augas (B.O.E. nº 176, do 24 de xullo de 2001).*
- n. *O promotor deberá solicitar a inscrición no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, como pequeno produtor de residuos perigosos no caso de producir menos de 10 Tn anuais de residuos perigosos, ou como produtor de residuos perigosos en caso de superar a dita cantidade. Todo isto segundo o establecido no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia (DOG nº 124, do 29 de xuño de 2005).*
- o. *De realizar o transporte de residuos perigosos ata os xestores autorizados, este deberá realizarse por transportistas rexistrados. Os traslados de residuos perigosos realizaranse do xeito indicado do Real Decreto 833/1998, de 20 de xullo, e/ou no Decreto 221/2003, de 27 de marzo.*
- p. *O promotor deberá separar adecuadamente a non mesturar os residuos perigosos, evitando particularmente as mesturas que supoñan un aumento de perigosidade ou dificultade a súa xestión.*
- q. *Adoptaranse as medidas técnicas e economicamente viables para reducir a cantidade de residuos xerados no proceso e nas operacións auxiliares.*
- r. *A empresa adoptará as medidas correctoras oportunas co obxecto de que os residuos se almacenen en condicións axeitadas de hixiene, seguridade e segregación, garantindo en todo caso que se impida calquera afección ó medio ambiente. As zonas de almacenamento de residuos, así como os seus contedores manteranse correctamente sinalizados e etiquetados, no seu caso, e en correcto estado de mantemento e limpeza.*
- s. *O período máximo de almacenamento de residuos perigosos na instalación, antes da súa retirada ou entrega a xestos autorizado, será de (6) meses.*
- t. *Deberá dispor de arquivo físico e/ou telemático onde se recolla por orde cronolóxico a cantidade, natureza, orixe, destino e método de tratamento dos residuos, de acordo o artigo 40 da Lei 22/2011.*
- u. *Todos os residuos entregaranse a xestores autorizados e inscritos no Rexistro de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, priorizando a entrega a xestores que realicen operacións de valorización e que se atopen máis preto da instalación.*

- v. *No caso de residuos non perigosos, o período máximo de almacenamento será dun (1) ano cando o destino final sexa a eliminación, e dous (2) anos cando o destino final sexa a súa valorización.*
 - w. *Os animais mortos na granxa non se poderán soterrar, xestionaranse segundo as disposicións recollidas no Regulamento (CE) 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e aos produtos derivados non destinados ao consumo humano e polo que se deroga o Regulamento (CE) 1774/2002 (Regulamento sobre subprodutos animais), no Regulamento (UE) 142/2001 da Comisión, de 25 de febreiro de 2011, e no Real Decreto 1528/2012, de 8 de novembro, polo que se establecen as normas aplicables aos subprodutos animais e aos produtos derivados non destinados ao consumo humano. Ata o momento da recollida dos cadáveres adoptaranse as medidas que o órgano competente estableza ó respecto, a fin de que se garanta o cumprimento de normas de bioseguridade axeitadas.*
 - x. *A folla de cálculo co Plan de dexeccións gandeiras, enviarase tamén cada ano, no mes de maio, ao Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental, co cálculo das achegas fertilizantes que se prevén facer (en formato dixital excell ou open office). Se ao longo do ano houbera modificacións do previsto, enviarase a folla de cálculo corrixida no mes de abril do ano seguinte.*
 - y. *Os acabados das instalacións serán de cores e texturas concordantes co entorno o que permitirá unha maior integración cromática co medio circundante.*
3. Así mesmo, os Servizos Técnicos Municipais, realizarán visita as obras executadas, para comprobar que se cumpren as condicións establecidas no proxecto, e autorizadas coa licenza.

Segundo:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais, por importe total de **157,46 €** e que resultan de aplicación pola modificación desta licenza municipal de obras e actividade (ampliación de instalacións), segundo a ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais.

Pago da liquidación:

Na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “Concello de Boqueixón.” De non efectuar o ingreso, esta licenza non terá efectos.

- Conta Nº: xxxxx- Abanca (Lestedo - Boqueixón)

Terceiro:

Notificar este acordo ó interesado

5. Modificacións en recibos de auga por reclamacións

Expte.: 16/1842. Modificación do importe do recibo de auga do 3º trimestre de 2016 pola existencia dunha fuga. Abonado: 43000566 – José xxxxx

Antecedentes:

Con data do 30 de agosto de 2016 e rexistro de entrada núm. 16/1842, don José xxxxx, con DNI nº. xxxxx, presenta nestas dependencias municipais unha reclamación, co fin de

aplicar a bonificación correspondente ao recibo do 3º trimestre de 2016, en base á existencia dunha fuga localizada na finca propiedade do abonado.

Xunto coa mesma, o abonado núm. 43000566 do Servizo de abastecemento de auga e saneamento, presenta un informe dunha empresa de fontanería, co que se xustifica a existencia e o arranxo da dita avería.

Unha vez emitido e comprobado o recibo do dito período, polo importe de 611,51 €, que corresponde a un consumo de 342 m³, verifícase que o volume facturado ten unha consideración desproporcionada, con respecto ós consumos trimestrais que se lle pasaban ata o momento.

En base ó Regulamento do Servizo municipal de abastecemento de auga, cuxa modificación foi aprobada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia, con data do 7 de xullo de 2016, contéplase no artigo 38 o seguinte: “Se no período de facturación se constata a existencia dunha fuga de auga na rede interna de subministración do contribuínte e o volume facturado ten unha consideración desproporcionada en virtude da fuga, os tipos de gravame do terceiro tramo de consumo, serán os establecidos para o segundo tramo, segundo taxa aprobada na ordenanza vixente no seu momento e aplicable para todo tipo de abonados”.

Así mesmo, en canto ó Canon (tributo propio da Comunidade Autónoma de Galicia) tamén se determina o tipo de gravame, no caso de existencia dunha fuga, que se contempla no artigo 53.8 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de Augas de Galicia, na súa última modificación do 31 de decembro de 2015.

Tendo en conta a xustificación da fuga, en base ó novo Regulamento, as tarifas a aplicar serían as seguintes:

➤ Tarifa Servizo auga (doméstico):

-Cota fixa: 4,845€/ab.mes x 3 meses =	14,535 €
-Consumo: 342 m ³ : 1º tramo: 30 m ³ x 0,350 € =	10,5 €
2º tramo: 30 m ³ x 0,436 € =	13,08 €
3º tramo: 60 m ³ x 0,436 € =	26,16 €
4º tramo: 222 m ³ x 0,436 € =	96,79 €
TOTAL:	146,53 €
+ 10% IVA =	14,65 €
Total Tarifa Servizo	161,18 €

➤ Canon auga (por 342 m³ consumidos)

(Tributo propio da Comunidade Autónoma de Galicia)

1º tramo: 18 m ³ x 0,00 € =	0,00 €
2º tramo: 18 m ³ x 0,29 € =	5,22 €
3º tramo: 36 m ³ x 0,29 € =	10,44 €
4º tramo: 270 m ³ x 0,29 € =	78,30 €
Cota fixa:	4,62 €
Total Canon	98,58 €

➤ Mantemento acometida

	2,31 €
+ 21% IVA =	0,49 €

Total mantemento **2,80 €**

TOTAL RECIBO **262,56 €**

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar a modificación do importe do recibo, incluído no Padrón fiscal do subministro de auga do 3º trimestre de 2016, a nome de José xxxxx, con DNI nº. xxxxx, como abonado número 43000566, polo novo importe total de 262,56 € en base á reclamación presentada, debido á existencia dunha fuga, e tendo en conta o Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga, cuxa modificación foi aprobada definitivamente con data do 7 de xullo de 2016.

Poderá facer efectivo o pago correspondente ata o 20/01/2017, nestas dependencias municipais en horario de oficina ou na seguinte conta do Banco Sabadell a nome do Concello: xxxxx.

2.- Comunicarlle este acordo ó interesado

6. Xustificación da subvención contratación socorrista 2016

No Boletín Oficial da Provincia nº46 de marzo de 2016, saíu publicada a convocatoria “do programa de socorrismo dirixido aos concellos da provincia durante o exercicio 2016”.

Na Xunta de Goberno ordinaria que tivo lugar o día 7 de abril de 2016 adoptouse o acordo de solicitar dita subvención para a contratación de un socorrista para a piscina municipal na tempada de verán .

Por resolución de Presidencia publicada no BOP Nº123 de 30 de xuño de 2106 aprobouse dita subvención polo importe de 4.000 €.

O Concello de Boqueixón programa todos os veráns a apertura da piscina municipal ó público así como unha programación de actividades (Verán Activo, cursos de natación de nenos e de maiores) para o que é preciso dispor dun socorrista que colabore co persoal municipal garantindo a seguridade e cumprindo a normativa vixente deste tipo de instalacións.

Tendo cumpridos os requisitos necesarios esixidos para a xustificación da subvención da Deputación da Coruña a Xunta de Goberno acorda:

1.Aprobar e imputar a seguinte relación clasificada de gastos realizados ao traballador Ronald Rodríguez Somoza, con DNI xxxxx, á subvención concedida pola Deputación da Coruña.

Tipo	Forma de Pago	Total dev.	S.S.	Total gastos
Nómina 25/06/15	Transferencia Bancaria	94´14	32´10	126´24
Nómina 25/07/15	Transferencia Bancaria	1.412´05	481´51	1.893´56
Nómina 25/08/15	Transferencia bancaria	1.508´15	481´51	1.989´66
			TOTAL	4.009´46

2.O importe que se xustifica é de 4.009,46 €.

3. Aprobar que o gasto xustificado deste xeito presentado, e obxecto da axuda, se reflectiu, na forma preceptiva no Libro de Contabilidade da Entidade segundo o disposto no artigo 14.1 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e no apartado 7.2 das bases reguladoras das convocatorias de subvencións da Deputación.

4. Aprobar que se cumpriu a finalidade da subvención mediante a realización das actividades para a que foi concedida neste caso a contratación dun socorrista.

5. Aprobar a memoria xustificativa da actividade realizada.

6. Aprobar que para o mesmo obxecto non se obtiveron subvencións ou calquera outra fonte de financiamento, de calquera outra entidade tanto pública ou privada.

7. Aprobar que se cumpriu a finalidade da subvención mediante a realización das actividades (contratación de un socorrista) para as que foi concedida.

7. Inicio de execución subsidiaria de limpeza no lugar de Agra Vilanova-Boqueixón

Este punto queda sobre a mesa, posto que se van a facer comprobacións pertinentes en canto á retirada e xestión de residuos.

8. Reclamación de contía por danos ocasionados en farol ornamental, na Travesía de O Forte. Inicio execución subsidiaria

Antecedentes

Con data 8 de agosto do 2016 o tractor modelo John Derek, matrícula xxxxx, manobrando na estrada AC 960, Travesía de O Forte, impactou contra un farol público ornamental, destrozando o mesmo.

Según datos facilitados pola empresa encargada do mantemento da iluminación pública do Concello de Boqueixón, o tractor é propiedade de SAT AS REGAS, 924 XUGA, e figura asegurado na compañía de seguros Mapfre Familiar, Seguros e Reaseguros SA.

Consta no expediente reportaxe fotográfica do farol destrozado e presuposto número 658, de data 12/08/2016, realizado pola empresa Montaxes Eléctricos Fernández SL, empresa encargada do mantemento da iluminación pública do Concello de Boqueixón, que reflecte o custo de reposición do farol roto na Travesía de O Forte ó 08/08/2016.

Ascenden os traballos de reposición a un custo total (con IVE engadido) de **838,90€**.

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 6 de outubro do 2016 acordouse: aprobar a valoración do arranxo do farol destrozado na travesía de O Forte o 8 de agosto do 2016, por importe total de **838,90 €** (IVE engadido); comunicar á Mapfre Familiar, Seguros e Reaseguros SA e o propietario do tractor modelo John Derek, matrícula xxxxx, propiedade de SAT AS REGAS, 924 XUGA, que ou ben o propietario do tractor ou ben a compañía de seguros, deberán proceder nun prazo máximo de 30 días co aboamento do custo do arranxo do farol de alumeado público, destrozado no lugar de Travesía de O Forte, a carón na AC 960, por importe total de **838,90 €**, IVE engadido e deuseselles trámite de audiencia á Mapfre Familiar, Seguros e Reaseguros SA e o propietario do tractor modelo John Derek,

matrícula xxxxx, propiedade de SAT AS REGAS, 924 XUGA, para que no prazo de 10 días puidesen presentar alegacións ou documentación oportuna.

O axente de seguros de Mapfre Familiar, Seguros e Reaseguros SA, oficina de Lestedo – Vilar, recibe a notificación da reclamación da contía por danos ocasionados no farol ornamental roto na Travesía de O Forte – Boqueixón o 18 de outubro do 2016.

O propietario do tractor modelo John Derek, matrícula xxxxx, SAT AS REGAS, 924 XUGA, recibe a notificación da reclamación da contía por danos ocasionados no farol ornamental roto na Travesía de O Forte – Boqueixón o 18 de outubro do 2016.

Non presentaron alegacións nin documentación oportuna.

Consideracións xurídicas

-O artigo 2.2 do RD 1372/1986, de 13 de xuño polo que se aproba o regulamento de bens das corporacións locais sinala que “ Os bens de dominio público serán de uso ou de servizo público”.

-O artigo 3.1 do citado regulamento sinala que "Son bens de uso público local camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, pontes e demais obras pública de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan de competencia da entidade local”.

-O artigo 9.2 do citado regulamento sinala que “As entidades locais teñen a obriga de exercer as accións necesarias para a defensa dos seus bens e dereitos”.

-O artigo 44.2 do citado regulamento establece que para a defensa do seu patrimonio e para asegurar a axeitada utilización deste, as corporacións locais poden establecer e impoñer sancións de acordo co previsto na normativa sectorial aplicable.

Tendo en conta o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Iniciar o expediente de execución subsidiaria e en consecuencia co arranxo do farol destrozado na Travesía de O Forte, a carón da AC 960, polo tractor modelo John Derek, matrícula xxxxx, propiedade de SAT AS REGAS, 924 XUGA. Dito propietario, ou ben a compañía aseguradora do vehículo, deberán aboar ó Concello de Boqueixón a contía da reposición do dano ocasionado, que ascende a un total de 838,90 euros, no número de conta bancaria do concello: ES85 0081 2155 1800 0100 1307.

2. Comunicar a empresa Montaxes Eléctricos Fernández SL, empresa encargada do mantemento da iluminación pública do Concello de Boqueixón, que proceda coa reposición do citado farol ornamental destrozado na Travesía de O Forte, a carón da AC 960.

3. Comunicar así mesmo o axente de seguros de Mapfre Familiar, Seguros e Reaseguros SA e a SAT AS REGAS, 924 XUGA, propietario do tractor modelo John Derek, matrícula xxxxx, que unha vez executadas as obras de reposición do farol destrozado, daráselles traslado da correspondente factura para que no prazo máximo de 10 días, a contar desde o

día seguinte ó da súa recepción, procedan co aboamento da contía de **838,90 €**, IVE engadido.

4. No caso de non efectuar o aboamento da citada factura no prazo establecido acordarase polo concello dar traslado do expediente á Deputación Provincial da Coruña para o cobro da contía pola vía executiva.

5. Dar traslado deste acordo a axente de seguros de Mapfre Familiar, Seguros e Reaseguros SA e a SAT AS REGAS, 924 XUGA, ós efectos oportunos.

9. Aprobación de facturas

A Xunta de Goberno acorda aprobar as seguintes relacións de facturas que serán aboadas con cargo ó presuposto do ano 2016:

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
1	SGAE – Canon pola actuación do Pallaso Piter – actuación cultura	334.226.99	69,42
2	SGAE – Canon pola actuación – concerto Fanfarria Taquikardia	334.226.99	123,42
3	SGAE – Canon pola actuación da Banda de Música de Negreira – pasacalles S . Vicente	334.226.99	71,15
4	Sogama – Tratamento RSU mes de setembro	162.3.212.00	8.350,47
5	Cogami – Recollida residuos mes de setembro – papel e cartón	162.3.212.00	388,98
6	Fornecementos Galegos, SL – Mantemento fotocopiadoras mes de novembro	920.213.00	420,63
7	Atendo Calidade, SL – Servizo libre concorrencia mes de outubro	231.227.99	1.252,97
8	Atendo Calidade, SL – Servizo dependencia mes de outubro	231.227.99	28.239,35
9	Sogama – Tratamento RSU mes de outubro	162.3.212.00	7.982,46
10	Ferrecal, SA – Subministrados varios para servizo abastecemento de auga	161.221.99	1.283,14
11	Droguería Botana – Materiais varios para mantementos edificios municipais	920.212.00	10,84
12	Sumiagua – Subministrados para servizo de saneamento	160.221.99	935,09
13	Comercial Sánchez y Torres, SC – Arranxos varios en maquinaria parques e xardíns	171.213.00	710,49
14	Marbe Hispania, SL – Cemento para reparación de beirarrúas en Boqueixón	153.2.212.00	2.715,34
15	Tangram – Protectores de dedos portas transparente para Escola Infantil Municipal	231.210.00	137,94
16	Mª del Carmen Vázquez Fernández – Produtos alimentación para escola infantil mes de setembro	231.221.05	227,88
17	Servides – Servizo de desratización, desinfección e desinsectación da escola infantil	231.210.00	151,25
18	Probisa – Aglomerado para arranxo de fochancas nas vías municipais	153.2.212.00	448,33
19	Darlim, SL – Produtos de limpeza para os locais municipais	920.212.00	1.015,04
20	CHC Energía - Consumo eléctrico do 29/08/16 ó 31/10/2016 do Local Social de Vila	165.221.00	73,68
21	Materiales de Construcción Piñeiro – Tubos de drene para pista en Deseiro – Sergude	153.2.212.00	2.044,13
22	Gráfica Juvia – Libros Misión Gallastegui	332.1.226.99	49,80
23	Gráficas Alonso – 3.000 sobres americanos con ventanilla	920.220.00	169,40
24	Fremap – Vixilancia da saúde traballadoras da escola infantil	920.227.99	346,96
25	Fremap – Recoñecementos médicos traballadoras escola infantil	920.227.99	506,67

		Importe	57.724,83
--	--	---------	-----------

A continuación transcríbense as facturas domiciliadas e aboadas con cargo ó ano 2016

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
26	Correos y Telégrafos – Servizo de correos mes de outubro	920.222.01	272,15
27	Telefónica España, SAU – Consumo telefónica fusión : fax + adsl + móbiles do 18/09/16 ó 17/10/16	920.22200	487,22
		Importe	759,37

Aprobación de facturas con cargo a subvencions

Plan Pas 2015

Proxecto: Melloras en instalacións educativas de Camporrapado e outras

Importe: 108.062,85 euros

Deputación da Coruña

Partida presupostaria: 933.61900

Núm.	Proveedor	Importe
1	Almacenes Mariña – Material de obra para peche do campo de fútbol de Camporrapado	1.892,31
2	Montaxes Eléctricos Fernández, SL – Reforma instalación eléctrica escola unitaria de Lestedo	425,80
3	Montaxes Eléctricos Fernández, SL – Reforma instalación eléctrica escola unitaria de Sergude	487,75
4	Marbe Hispania, SL – Cemento para peche campo de fútbol de Camporrapado	2.867,30
5	Ferliño, SL – Vallas para obra do campo de fútbol de Camporrapado	465,85
6 *	Almacenes Redondo – Valla metálica e postes para peche campo de fútbol de Camporrapado	3.258,94

Con data 19 de agosto, solicítanse 3 presupostos para adquirir o material necesario para o peche do campo de fútbol de Camporrapado, incluído no Plan PAS 2015. En concreto da malla e postes e dos bloques para o cerramento. Envíase solicitude a Materiais de Construción Gamallo, Almacenes Mariña e Almacenes Redondo.

Materiais de Construción Gamallo, comunicou que non traballaba este tipo de material., sobre todo a valla. Almacenes Mariña enviou presuposto da malla e dos bloques, pero non presupostaba os postes. Cando se lle preguntou sobre o tema, puxéronse en contacto co servizo de contratación explicando que o tipo de malla que traballaban non era das medidas solicitadas e polo tanto non podían servir os postes con esas medidas.

Almacenes Redondo envía presuposto do solicitado, e á vista de que non existe ningún tipo de inconveniente cos materiais a servir, acéptase o presuposto para a adquisición da malla e dos postes, así como do material preciso para a súa colocación. En cambio os bloques son adquiridos na empresa Almacenes Mariña por ser a oferta máis vantaxosa.

Escola Obradoiro

Importe consignado: 29.353,06 euros – achega municipal

Partida presupostaria: 241.226.99

Núm.	Proveedor	Importe
1	Viveiros Compostela – Plantas para o módulo de xardinería da escola taller	275,28
2	El Sol, SL – Materiais varios para módulo carpintería	59,54
3	Gasóleos S.Benito,SL – Gasolina e outros subministrados para maquinaria escola taller	67,18
4	José R. Lamas Suárez –Pinturas – Barnices e outros para módulo carpintería	448,10
5	Würth España,SA – Materiais varios para módulo carpintería	589,71

Programa Básico de Inserción Social
Importe: 7.497,06 euros
Deputación da Coruña

Núm.	Proveedor	Importe
1	Galitrans-96, SL – Transporte alimentos cruz vermella	242,00

10. Aprobación e pagamento da factura polo traballo de elaboración do inventario de camiños municipais

Con data 16 de marzo de 2015 a alcaldía ditou a resolución para adxudicar o contrato de servizos para a elaboración do inventario de camiños municipais á empresa Estudio Técnico Gallego, SA por importe de 10.890,00 euros.

Naquel momento, e debido á duración dos traballos, preveuse a retención do crédito correspondente para facer o pagamento.

Con data 4 de novembro de 2016, a empresa Estudio Técnico Gallego, SA presenta a factura polos traballos realizados. O inventario foi entregado correctamente e atópase en exposición pública nas dependencias municipais.

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

-Aprobar a factura num. 16 325 emitida via FACE por Estudio Técnico Gallego, SA por importe de 10.890,00 euros polo servizo de asistencia técnica para a elaboración do inventario de camiños municipais.

-Facer o pagamento con cargo á partida 920.233.00 do orzamento do ano 2015, cuxo importe se atopa retido.

11. Aprobación melloras do contrato de alumeado público

Con data 3 de decembro de 2012, asinouse coa empresa Montaxes Eléctricos Fernández,SL o contrato para o servizo de conservación, reparación e mantemento do alumeado público de Boqueixón. No contrato, e segundo proposta da empresa, figura que o importe das melloras que realizará durante a súa duración, será de 126.384,80 euros.

No último escrito enviado á empresa, con data 28/05/2015, despois de que esta presentara o listado de melloras realizadas, comunicóuselle que tiña xustificado un importe de 74.362,94 euros e tiña pendentes de xustificar o importe de 52.021,86 euros.

Este importe sin xustificar debíase en gran medida a varias melloras presentadas que tiñan que ser supervisadas e valoradas polos servizos municipais.

Moitas das melloras foron informadas polo Estudio Técnico Gallego e a día de hoxe, e tendo que telas realizadas polo remate do contrato asinado coa empresa prestadora do servizo a Xunta de Goberno acorda:

1 Dar por xustificadas as seguintes melloras presentadas pola empresa e que a continuación se relacionan:

Escrito presentado o día 4 de setembro de 2015 (rexistro 15/1725) por importe total de melloras de 10.852,30 euros

Escrito presentado o día 26 de maio de 2016 (rexistro 16/1003) por importe total de melloras de 16.944,89 euros

No escrito presentado con data 14/01/2015 e do que quedaron pendentes varias melloras para supervisar, xustifícanse e danse por correctas os seguintes números: 10, 14, 15, 17, 22, 23, 24, 25, 28, 39, 41, 42, 46, 48, 49, 53, 55, 60, 62, 65, 67 e 68 por un importe total de 28.746,65 euros

A vista destes datos, dase por xustificado o importe total de 126.384,80 euros que ofertou a empresa no momento da presentación da súa oferta.

12. Prórroga do contrato de mantemento do alumado público

Con data 3 de decembro de 2012, asinouse o contrato do servizo de conservación, reparación e mantemento do alumado público de Boqueixón coa empresa Montaxes Eléctricos Fernández SL por período de 4 anos, sendo posible a posibilidade de 2 anos máis de prórrogas.

Con data 7 de setembro de 2016 (rexistro 16/1913), a empresa solicita por escrito, cumprindo co estipulado nos pregos de condicións que rexeron a contratación, a prórroga do contrato por período de dous anos.

A prestación do servizo por parte da empresa é óptima e polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

1 Prorrogar o contrato do servizo de conservación, reparación e mantemento do alumado público de Boqueixón asinado coa empresa Montaxes Eléctricos Fernández SL por 1 ano máis, ata o 3 de decembro de 2017.

2 Comunicar este acordo á empresa adxudicataria

13. Aprobación de certificación das obras do POS 2016 e dos correspondentes controis de calidade

Certificación núm. 1 do Camiño monte cima da Alboya (Lamas) e outros

Con data 1 de setembro de 2016, asínase o contrato coa empresa Martínez Montes e Hijos, SL para a realización da obra Camiño monte cima da Alboya (Lamas) e outros incluída no Plan Pos 2016, por importe de 37.389,00 euros.

No cláusula segunda do contrato figura que lle será retido da certificación da obra o importe correspondente ó 4% do orzamento de execución material, que será destinado ó

pagamento do control de calidade externo, tal e como figura nos pregos da contratación e na oferta presentada pola empresa.

A empresa que realiza os controis, Eptisa, SL presenta un presuposto por importe de 1.227,70 + IVE para a elaboración dos correspondentes ensaios e probas dos diferentes controis a realizar, que é aceptado.

Con data 30 de outubro a empresa Martínez Montes e Hijos, SL presenta a certificación núm. 1 da obra por importe de 17.138,49 euros. Por outro lado, con data 7 de novembro de 2016 a empresa Eptisa, SL presenta a factura correspondente ós controis realizados ata o de agora na obra por importe de 648,20 euros.

Polo tanto, á vista de todos os antecedentes a Xunta de Goberno acorda:

1 Aprobar a certificación núm. 1 da obra Camiño monte cima da Alboya (Lamas) e outros incluída no Plan Pos 2016, por importe de 17.138,49 euros, presentada pola empresa adxudicataria Martínez Montes e Hijos, SL.

2 Aprobar a factura núm EE0160404 emitida por Eptisa, SL polos controis de calidade realizados na obra referida e por importe de 648,20 euros

3 Comunicar a Tesourería que debe facer o pagamento de ambas facturas, tendo en conta que á empresa Martínez Montes e Hijos, SL se lle debe descontar o importe facturado pola empresa Eptisa,SL (17.138,49 – 648,20 =16.490,29 euros).

Polo tanto o importe que se lle debe aboar a Martínez Montes e Hijos, SL é de 16.490,29 euros e a Eptisa, SL 648,20 euros.

14. Devolución aval

Con data 21 de xullo de 2004, asinouse o contrato da xestión do servizo público de abastecemento de auga potable coa empresa Espina y Delfin, SL. A empresa depositou un aval por importe de 1.250,23 euros.

Con data 1 de xaneiro de 2016, o servizo de abastecemento pasou a ser xestionado polo concello, e polo tanto, procede a devolución do aval ó ser rescindido o contrato vixente.

A Xunta de Goberno acorda:

Devolver o aval depositado por Espina y Delfin, SL por importe de 1.250,23 euros, como garantía do contrato de xestión do servizo público de abastecemento de auga potable que finalizou o día 31 de decembro de 2015.

15. Dar conta do contrato de mantemento do ascensor

Con data 29 de xullo de 2016, asinouse un contrato coa empresa ENOR, SA para o mantemento do ascensor instalado no CPI Antonio Orza Couto. (Ref. 135.2827)

Segundo acordo marco asinado entre a Consellería de Educación e este concello, os gastos de mantemento, reparación e conservación dos CPIs serán responsabilidade de cada concello.

Polo tanto, a partires do 14/10/2016, que comezou a funcionar o ascensor, recibírase mensualmente unha factura por importe de 77,08 euros que será aboada con cargo ó presuposto deste concello

16. Puntos de urxencia

A) Motívase a urxencia porque o 17 novembro 2016, recíbese de RED ELECTRICA DE ESPAÑA, un escrito de autorización para a constitución da servidume de paso da liña aérea de transporte de enerxía eléctrica.

Tendo en conta que, no momento de recibirse o citado escrito xa se tiña asinada a convocatoria da xunta de goberno e tendo en conta, así mesmo, que a empresa necesita ter a autorización urxente, concretamente deben dispoñer da mesma o próximo venres día 18 deste mes.

Por unanimidade apróbase a urxencia e inclusión deste punto na orde do día:

Autorización da ampliación da servidume actualmente existente e tala de arborado da parcela 64 parte da 155 e parte da 276, do polígono 503 e 2 en Boqueixón.

REDE ELECTRICA DE ESPAÑA solicita a ampliación da servidume actualmente existente nas parcelas con referencia catastral 15012A503000640000WX, parte da 15012A002001550000EE e parte da 15012A002002760000ER, do polígono 503 e 2 das parcelas 64, parte da 155 e parte da 276.

Actualmente a servidume de voo existente é de 157 m² e preténdese a ampliación de 103 m².

A contraprestación ofertada por REDE ELECTRICA ascende a 432,60 € e ademais indemnizará ao final dos traballos, os danos que se poida ocasionar con motivo da instalación da liña e de mantemento da mesma.

Á vista do cal, acórdase:

1. Autorizar á REDE ELECTRICA DE ESPAÑA a ampliación de 103 m² da servidume existente nas parcelas 64, parte da 155 e parte da 276 do polígono 503 e 2, resultando consecuentemente unha servidume total de 260 m², sendo a ocupación temporal de 103 m².
2. Aceptar a contraprestación de 432,60 €, a aboar ao concello de Boqueixón.
3. Ao final dos traballos, os danos que se produzan, no caso de que así sexa, serán valorados conxuntamente por ambas partes contratantes.

B) Motívase a urxencia deste punto porque neste mesmo día 16 de novembro recíbese no concello un correo do servizo de arquivos (Cidade da Cultura), no cal se indica que o prazo para xustificar as axudas en materias de arquivo remata o vindeiro 30 de novembro.

Así mesmo, nesta data 16 de novembro rexistro de entrada nº 2506 recíbese a factura presentada por Reproutlet, S.L (UNAYTA) relativa á dixitalización arquivo por importe de 3.738,63 €.

Por unanimidade apróbase a urxencia e inclusión deste punto na orde do día, posto que a próxima sesión da xunta de goberno terá lugar o 1 de decembro.

Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida por a dixitalización dos libros de actas das sesións plenarias do concello

No DOG do 6 de abril 2016 saíu publicada a orde do 10 de marzo 2016 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas ao financiamento de actuacións en materia de arquivos.

Por Decreto de data 29 de abril 2016, solicitouse á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria unha subvención de 2.000 € para a dixitalización dos libros de actas das sesións plenarias.

Con data 28 de setembro 2016, rexistro nº 2083 recíbese a notificación da subvención xeral de arquivos, na cal se concede unha axuda de 1.981,74 € para dixitalizar as actas plenarias cuxo importe total ascende a 3.738,63 €.

Con data 16 de novembro 2016, rexistro nº 2506 recíbese a factura de Reproutlet, S.L (UNAYTA) por importe de 3.738,63 €.

Por todo o cal, téndose cumpridos todos os requisitos necesarios para a xustificación da subvención concedida, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar a seguinte conta xustificativa da subvención concedida por importe de 1.981,74 €:

Concepto	Acredor	CIF	Nº factura	Importe	Data emisión	Data recoñecemento
Dixitalización arquivos (Libros actas sesións plenarias)	Reproutlet, S.L (UNAYTA)	xxxxx	B/000799	3.738,63 €	11/11/2016	X.G 17/11/2016

2. Aprobar a memoria explicativa do proxecto realizado para o que se concedeu a subvención.
3. Comunicar que se cumpriu a finalidade e se tomou razón en contabilidade da axuda concedida.
4. Que non se obtiveron outras axudas para esta mesma finalidade, de ningún outro organismo.

C) Motívase a urxencia porque as obras deberán estar executadas antes do 31 de decembro 2016, polo que é necesario axilizar o procedemento da tramitación a fin de inicialas a maior brevidade.

Por unanimidade apróbase a urxencia e a inclusión deste punto na orde do día.

Inicio contratación para adquisición de mampara oficinas xerais con cargo a subvención Deputacion

No BOP do 18 de novembro de 2015 saíu publicada a convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos para investimentos de promoción económica durante o ano 2016. Por decreto de data 17 de decembro 2015, solicitouse unha subvención de 10.180,89 € para a execución de obras de MELLORAS NOS ACABADOS INTERIORES DA CASA DO CONCELLO por o mesmo importe.

No BOP do 1 de xuño 2016, saíu publicada a resolución nº 2016/12191 pola que se aproba a concesión definitiva da axuda por importe de 6.189,98 €, e a contía para xustificar será o importe da subvención concedida.

Tendo en conta o establecido na base 9. 3. 2 das bases reguladoras, unicamente se admitiran xustificantes de actividades e investimentos realizados entre o 1 de xaneiro e 0 31 de decembro 2016, agás no caso de investimentos que teñan concedida unha prorroga.

A execución de obras de **melloras**, executaranse pola administración tal como así foi acordado pola resolución da alcaldía citada de 17 de decembro 2015. Non obstante, é necesario contratar a fase correspondente á adquisición e instalación da mampara cuxo importe segundo a descrición parcial da memoria valorada ascende a 4.143,51 €.

En cumprimento das bases de execución do presuposto (Base 21.c) cando a contía sexa superior a 3.000 € e inferior a 18.000 € (IVE excluído), o expediente deberá acreditar a consulta a tres empresas, polo que , a Xunta de Goberno acorda:

1.- Iniciar o procedemento para a contratación da adquisición e instalación dunha mampara nas oficinas municipais por importe máximo de 4.143,51 euros e solicitar ofertas a:

-Vidrieras Compostela, SL
R/Travesía da Ramallosa
15883 A Ramallosa - Teo

-Cristalería Padronesa
R/Campo do Doce s/n
La Esclavitud
15980 Padrón

-Cristalería Bisel Deza, SL
R/Corredoira, 73
36500 Lalín

2.- Comunicar este acordo ao departamento de contratación para a realización de todos os trámites que procedan na execución do expediente.

17. Rogos e Preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

Visto e prace

A secretaria

O presidente